

XEOGRAFÍA**OPCIÓN A**

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: desagrarización, isóbara, enerxías renovables, maquis, silvicultura, Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU). (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).


1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, únicamente cuatro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: desagrarización, isobara, energías renovables, maquis, silvicultura, Plan General de Ordenación Urbana (PGOU). (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo ao documento (puntuación máxima de 4 puntos):

- Cite cinco provincias que teñan unha taxa de poboación estranxeira entre 12 e 15,9% (1 punto).
- Identifique o tipo de documento e relacione áreas xeográficas cos valores das taxas (1 punto).
- Explique as causas das diferenzas das porcentaxes observadas no documento (1 punto).
- Comente as consecuencias das diferenzas representadas no documento (1 punto).

2.- Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Cite cinco provincias que tengan una tasa de población extranjera entre 12 e 15,9% (1 punto).
- Identifique el tipo de documento y relacione las áreas geográficas con los valores de las tasas (1 punto).
- Explique las causas de las diferencias de los porcentajes observados en el documento (1 punto).
- Comente las consecuencias de las diferencias representadas en el documento (1 punto).



Taxa de poboación estranxeira: porcentaxe de estranxeiros sobre o total de poboación provincial.
Tasa de población extranjera: porcentaje de extranjeros sobre el total de población provincial.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema "Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares. Tipos de unidades morfoestruturais". a) Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas (da era arcaica ao glaciario cuaternario). b) Tipos de unidades: zócolo, macizos antigos, cordilleiras de pregamento, cuncas sedimentarias.

3.- Desarrolle el tema guiado por los siguientes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema "Formación y evolución geomorfológica de la Península Ibérica y de las Islas Canarias y Baleares. Tipos de unidades morfoestructurales". a) Formación y evolución geomorfológica de la Península Ibérica y de las Islas (de la era arcaica al glaciario cuaternario). b) Tipos de unidades: zócalos, macizos antiguos, cordilleras de plegamiento, cuencas sedimentarias.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: acuicultura, economías de escala, saldo migratorio, aluvión, landa, ría. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, únicamente cuatro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: acuicultura, economías de escala, saldo migratorio, aluvión, landa, ría. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Localice as provincias numeradas do 1 ao 4 (Figura 2), indicando cales están en alta e cales están en baixa presión (1 punto).

b) Comente o documento (Figura 1) seguindo as seguintes cuestións:

- Identifique o tipo de documento, as figuras isobáricas, fronte e a localización -a grandes trazos- dos mesmos (1 punto).
- Masas de aire e ventos dominantes nas distintas áreas de España (1 punto).
- Situación meteorolóxica e tipos de tempo que cabe esperar nas comunidades de Galicia e de Canarias, significando as diferenzas de temperatura, humidade e precipitación (1 punto).

2.- Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Localice las provincias numeradas del 1 al 4 (Figura 2), indicando cuáles están en alta y cuáles están en baja presión (1 punto).

b) Comente el documento (Figura 1) siguiendo las siguientes cuestiones:

- Identifique el tipo de documento, las figuras isobáricas, frentes y la localización -a grandes rasgos- de los mismos (1 punto).
- Masas de aire y vientos dominantes en las distintas áreas de España (1 punto).
- Situación meteorológica y tipos de tiempo que cabe esperar en las comunidades de Galicia y de Canarias, incidiendo en las diferencias de temperatura, humedad y precipitación (1 punto).

Figura 1




Figura 2



3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema “Os usos do solo e a súa distribución: tipos e factores explicativos”.

- Tipos: terras labradas, prados e pastos, áreas forestais, restantes usos do solo.
- Factores: condicións naturais (dominios atlántico, mediterráneo e subtropical e áreas montañosas e chairas) e estrutura da propiedade.

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos):

Tema “Los usos del suelo y su distribución: tipos y factores explicativos”.

- Tipos: tierras labradas, prados y pastos, áreas forestales, restantes usos del suelo.
- Factores: condiciones naturales (dominios atlántico, mediterráneo y subtropical, y áreas montañosas y llanuras) y estructura de la propiedad.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.- Defina, nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: acuicultura, desagrarización, cunca fluvial, litosfera, transición demográfica, tectónica de placas. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: acuicultura, desagrarización, cunca fluvial, litosfera, transición demográfica, tectónica de placas. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima 4 puntos):

a) Identifique as cinco provincias numeradas na figura 1 (1 punto).

b) Comente os documentos atendendo ás seguintes cuestións:

- Analice os tipos de documentos de todas as figuras e sinale os elementos naturais e humanos que aparecen nas figuras 2 e 3 (1 punto).
- Expoña as características que definen a paisaxe industrial da figura 2 (1 punto).
- Comente a transformación desta paisaxe (figura 3) relacionándoa coa reestruturación industrial e os novos usos do solo producidos nas últimas décadas (1 punto).

2.- Atendiendo a los documentos, conteste (puntuación máxima 4 puntos):

a) Identifique las cinco provincias numeradas en la figura 1 (1 punto).

b) Comente los documentos atendiendo a las siguientes cuestiones:

- Analice los tipos de documentos de todas las figuras y señale elementos naturales y humanos que aparecen en las figuras 2 y 3 (1 punto).
- Exponga las características que definen el paisaje industrial de la figura 2 (1 punto).
- Comente la transformación de este paisaje (figura 3) relacionándolo con la reestructuración industrial y los nuevos usos del suelo producidos en las últimas décadas (1 punto).

Figura 1



Figura 2



Figura 3



Fuente: Editorial SM

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema “Diversidade climática galega e a súa influencia nos ríos e na vexetación”. a) Diversidade climática. b) Os ríos de Galicia. c) A diversidade bioxeográfica.

3.- Desarrolle el tema guiado por los siguientes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema “Diversidad climática gallega y su influencia en los ríos y en la vegetación”. a) Diversidad climática. b) Los ríos de Galicia. c) La diversidad biogeográfica.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B

1.- Defina, nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: área metropolitana, esperanza de vida, ría, isohieta, barlovento, enerxías renovables. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: área metropolitana, esperanza de vida, ría, isoyeta, barlovento, enerxías renovables. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Na figura 1, localice e nomee as cinco provincias limítrofes con Portugal nas que aparece a sobreira (1 punto).

b) Comente os documentos atendendo ás seguintes cuestións:

- Identifique as figuras 1 e 2 e especifique as características das rexións bioxeográficas ás que pertencen (1 punto).
- Determine os factores que condicionan a existencia desta vexetación en cada caso (1 punto).
- Relacione a vexetación con aspectos ambientais e económicos (1 punto).

2.-Atendiendo a los documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) En la figura 1, localice y nombre las cinco provincias limítrofes con Portugal en las que aparece el alcornoque (1 punto).

b) Comente los documentos atendiendo a las siguientes cuestiones:

- Identifique las figuras 1 y 2 y especifique las características de las regiones biogeográficas a las que pertenecen (1 punto).
- Determine los factores que condicionan la existencia de esta vegetación en cada caso (1 punto).
- Relacione la vegetación con aspectos ambientales y económicos (1 punto).

Figura 1




Figura 2



3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Sector servicios e o proceso de terciarización da economía en España e Galicia”. a) Características do sector terciario. b) Causas da terciarización. c) Contrastes na localización dos servizos.

2.-Desarrolle el tema guiado por los siguientes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Sector servicios y el proceso de terciarización de la economía en España y en Galicia”. a) Características del sector terciario. b) Causas de la terciarización. c) Contrastes en la localización de los servicios.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: desagrarización, isóbara, enerxías renovables, maquis, silvicultura, Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU). (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Desagrarización.- Concepto que fai referencia á perda de poboación adicada á actividade agraria, así como á perda de importancia económica da actividade agrícola nun territorio, e o conseguinte debilitamento das institucións sociais vencelladas a esta actividade que organizan diferentes aspectos da vida social. En toda España tense producido este proceso, especialmente desde finais dos anos setenta.

Isóbara.- É unha isoliña que, nun mapa meteorolóxico, une os puntos que teñen a mesma presión atmosférica ao nivel do mar. O conxunto de todas elas configuran os cambios de presión. Habitualmente se representan os múltiplos de 4 hPa (*hectopascals*) ou mb (*milibares*) (1000, 1004, 1008, 1012,...), unidade de medida da presión.

Enerxías renovables.- Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.

Maquis.- - Maquis ou **maquia** é un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que adoita refuxiarse sobre solos silíceos. Os érbedos, as xaras, os breixos, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.

Silvicultura.- Actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais -susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos- e o desenvolvemento de espazos recreativos.

Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU).- Instrumento de ordenación integral do territorio. Contén a clasificación do solo, definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio (como poden ser fixar os espazos libres, de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación etc.), desenvolvemento, execución e a vixencia do plan. Adoita ser municipal, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

2.- Atendendo ao documento (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Cite cinco provincias que teñan unha taxa de poboación estranxeira entre 12 e 15,9% (1 punto). Hai que citar cinco destas provincias: Barcelona, La Rioja, Segovia, Guadalajara, Madrid, Murcia, Málaga, Santa Cruz de Tenerife e Las Palmas.

b) Identifique o tipo de documento e relacione áreas xeográficas cos valores das taxas (1 punto). O mapa reflicte a porcentaxe de poboación estranxeira nas provincias españolas. É un mapa de coropletas que representa datos cuantitativos asociados a unidades administrativas (neste caso provincias) utilizando cores de recheo diferentes. O mapa presenta unha clasificación en cinco intervalos de clase (cada clase unha cor) e inclúe una escala gráfica.

As áreas xeográficas que se poden diferenciar facilmente son o Levante mediterráneo desde Girona ata Almería, cunha taxa elevada de poboación estranxeira. Pola contra a parte occidental de España e a cornixa cantábrica teñen as taxas máis baixas.

c) Explique as causas das diferenzas das porcentaxes observadas no documento (1 punto). Como causas das diferenzas das porcentaxes pódense citar:

- O crecemento económico baseado en gran medida no boom inmobiliario (“o ladrillo”); este crecemento aumentou a oferta de postos de traballo en sectores que non eran cubertos por man de obra española. O resultado foi un maior crecemento dos estranxeiros nas áreas máis turísticas de España (Mediterráneo e arquipélagos) e máis dinámicas economicamente. Os inmigrantes cubrirán postos de traballo nos sectores da construción, dos servizos (hostalaría, fogar) e tamén da

Criterios de Avaliación / Corrección

agricultura mediterránea (por exemplo, cultivo baixo plástico), como sería o caso de Almería, Murcia ou Lleida.

- No caso de Madrid e as provincias limítrofes e Barcelona hai que ter en conta que os inmigrantes se sitúan nas dúas metrópoles españolas para logo buscar traballo. Madrid e Barcelona actuaron como centros de distribución de traballadores inmigrantes.
- No litoral mediterráneo e as illas atópase unha inmigración de poboación xubilada da Europa noroccidental, debido á forte acollida que propicia o clima suave desta zona.
- A menor incidencia da inmigración en Galicia e a cornixa cantábrica explícase polo menor efecto do boom inmobiliario (non se construíron tantas casas coma no Mediterráneo) e o tipo de agricultura, cun maior peso da gandería no produto final e non tan orientada cara ó mercado exterior como a mediterránea.

d) Comente as consecuencias das diferenzas representadas no documento (1 punto). Como consecuencias pódense citar aspectos:

- **demográfico:** a poboación española medra no último decenio do século XX e comezos do XXI; no censo de 1991 ten 38.872.268 habitantes; no do 2001, 40.847.371; e no censo de 2011, 46.815.916. Este incremento está influído pola inmigración. A fecundidade en España tamén varía na segunda metade dos 90, sendo o punto de inflexión 1996 co número de fillos por muller máis baixo. No 2003 as mulleres españolas tiñan como media 1,26 fillos e as estranxeiras 1,90.
- **económico ou laboral:** a inmigración supón (polo perfil de idade dos inmigrantes) un aumento da poboación activa española ata case 23 millóns de persoas, con consecuencias importantes, entre outras para as pensións.
- **aspecto social:** tamén se pode mencionar cos posibles problemas de integración, a aparición de actitudes xenófobas, as mafias vinculadas á inmigración irregular e os problemas humanos desta. É moi importante o fenómeno migratorio das últimas décadas: o cambio social máis importante na España do século XXI.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares. Tipos de unidades morfoestruturais”. a) Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas (da era arcaica ao glacialismo cuaternario). b) Tipos de unidades: zócolos, macizos antigos, cordilleiras de pregamento, cuncas sedimentarias.

a) Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas

O relevo actual da Península é o resultado dunha historia xeolóxica de millóns de anos na que se alternaron fases oroxénicas con outras de calma, nas que predominou a erosión e a sedimentación.

1) Durante a era arcaica ou Precámbrico (4.000-600 millóns de anos) emerxeu do mar unha banda arqueada de noroeste a sueste, formada por lousas e gneis, que comprendía case toda a actual Galicia. Tamén xurdiron elevacións nalgúns puntos illados do Sistema Central e dos Montes de Toledo. Este macizo precámbrico foi arrasado posteriormente pola erosión e cuberto case na súa totalidade polos mares paleozoicos.

2) Na era primaria ou Paleozoico (600-225 millóns de anos) tivo lugar a oroxénese herciniana. Dos mares que cubrían a maior parte da Península xurdiron as cordilleiras hercinianas, formadas por materiais como o granito, lousa e cuarcita. Ao oeste elevouse o Macizo Hespérico, arrasado pola erosión durante a mesma era primaria e convertido en zócalo ou meseta inclinada cara ó Mediterráneo. Ó noreste apareceron os macizos de Aquitania, Catalano-Baleares e do Ebro, e ó sueste, o Macizo Bético-Rifeño. Todos eles foron tamén arrasados pola erosión e durante a era primaria convertidos en zócolos.

3) A era secundaria ou Mesozoico (225-68 millóns de anos) foi un período de calma no que predominaron a erosión e a sedimentación. Continuou o aplanamento das cordilleiras hercinianas. A inclinación do zócalo da Meseta cara ó Mediterráneo permitiu, nos períodos de transgresión mariña, unha fonda penetración do mar, que depositou no seu bordo oriental unha cobertura non moi potente de materiais sedimentarios plásticos (calcaria, arenito, marga). Tamén se depositaron enormes espesuras de sedimentos en fosas mariñas situadas nas actuais zonas pirenaica e bética.

Criterios de Avaliación / Corrección

4) Durante a era terciaria (68-1,7 millóns de anos) produciuse a oroxénese alpina. Como resultado desta:

- Levantáronse as cordilleiras alpinas, ó pregarse os materiais depositados nas fosas pirenaica e bética entre os macizos antigos, que actuaron como topes. Xurdiron os Pireneos entre os macizos de Aquitania, Hespérico e do Ebro (que acabou afundíndose), e as cordilleiras Béticas, entre os macizos Bético-Rifeño e o Hespérico.
- Formáronse as depresións prealpinas paralelamente ás novas cordilleiras, e entre estas e o macizo antigo: a depresión do Ebro, paralela ós Pireneos, e a do Guadalquivir, paralela ás Béticas.
- A Meseta viuse afectada pola oroxénese alpina. En primeiro lugar pasou a inclinarse cara ó Atlántico, determinando a orientación cara a este océano de boa parte dos ríos peninsulares. En segundo lugar formáronse os bordos montañosos da Meseta. No seu bordo oriental pregáronse os materiais plásticos depositados polo mar na era secundaria, orixinando a parte oriental da cordilleira Cantábrica e o Sistema Ibérico. No bordo sur da Meseta, o empuxe das cordilleiras Béticas levantou Serra Morena. Por último, o zócolo da Meseta, formado por materiais paleozoicos ríxidos, experimentou fracturas e fallas. Os bloques levantados formaron o Macizo Galaico e as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo). Nesta era tamén se orixinou o conxunto de natureza volcánica das Illas Canarias.

5) Durante a era cuaternaria (1,7 millóns de anos ata a actualidade) producíronse o glaciario e a formación de terrazas fluviais.

- **O glaciario** afectou ás cordilleiras máis altas (Pireneos, cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Sistema Ibérico e Serra Nevada), dando lugar a glaciares de circo e de val. Os glaciares de circo nas cabeceira dos vales e os glaciares de val no val dándolle a forma de “U”.
- **A época glaciario caracterizouse pola formación de terrazas fluviais**, antigos chans de inundación abandonados polo posterior encaixamento fluvial. As terrazas son froito das alternancias climáticas do Cuaternario. Os sucesivos ciclos glaciais e posglaciais do Cuaternario deron lugar a terrazas graduadas. Na Península, as máis características son as formadas polo Douro, o Texo, o Guadiana, o Guadalquivir e o Ebro.

b) Tipos de unidades morfoestruturais: zócolos, macizos antigos, cordilleiras de pregamentos, cuncas sedimentarias.

Unidades morfoestruturais. Resultan de movementos tectónicos que se orixinan no interior da Terra e dan lugar a levantamentos, afundimentos e desprazamentos da codia terrestre, e da posterior actuación da erosión e da sedimentación. Ambos os procesos están condicionados pola natureza das rochas. Na Península atópanse presentes as grandes unidades morfoestruturais do relevo continental: zócolos, macizos antigos, cordilleiras de pregamento e concas sedimentarias ou depresións.

1) Os zócolos son chairas ou mesetas formadas na era primaria ou paleozoico como resultado do aplanamento pola erosión de cordilleiras xurdidas nesta era. Os materiais paleozoicos son rochas silíceas: granito, lousa, cuarcita e xistos. Son ríxidas e ante novos empuxes oroxénicos fractúranse ou rompen. Na actualidade, os zócolos constitúen relevos horizontais que ocupan extensas áreas na metade occidental da Península.

2) Os macizos antigos son montañas formadas na era terciaria polo novo levantamento dun bloque como consecuencia do movemento oroxénico alpino; son materiais paleozoicos. Estes macizos presentan cumes suaves e arredondados. Na Península, constitúen macizos antigos as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo), o Macizo Galaico e a parte occidental da cordilleira Cantábrica.

3) As cordilleiras de pregamento son grandes elevacións montañosas que xurdiron na oroxénese da era terciaria polo pregamento de materiais sedimentarios calcarios, depositados polo mar na era secundaria. Distínguense dous tipos:

- **Cordilleiras intermedias**, pregamento de materiais depositados nos bordos dos zócolos (Sistema Ibérico e parte oriental da cordilleira Cantábrica).
- **Cordilleiras alpinas**, pregamento de materiais depositados en xeosincliniais ou fosas mariñas longas e profundas (Pireneos e cordilleiras Béticas). Teñen fortes pendentes e formas escarpadas.

Criterios de Avaliación / Corrección

4) As concas sedimentarias ou depresións: zonas afundidas formadas na era terciaria e cheas con sedimentos de calcaria, arxila, arenitos e margas. As concas sedimentarias son de dous tipos: as concas sedimentarias formadas polo afundimento dun bloque dun zócalo a causa das presións oroxénicas da era terciaria (depresións das mesetas do Douro, Texo e Guadiana); e as depresións prealpinas, localizadas a ambos os lados das cordilleiras alpinas (depresións do Ebro e do Guadalquivir). As concas sedimentarias son relevos horizontais ou suavemente inclinados porque non foron afectados por oroxéneses posteriores.

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: acuicultura, economías de escala, saldo migratorio, aluvián, landa, ría. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Acuicultura.- Conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes ou plantas, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. É moi significativa en Galicia, e está restrinxida a un pequeno abano de especies, en función da súa importancia económica e do desenvolvemento dunha tecnoloxía axeitada e limitada espacialmente á beiramar ou as augas continentais.

Economías de escala.- Concepto que expresa as vantaxes que para unha empresa comporta a súa localización nun determinado contorno: cando se produce unha concentración xeográfica das industrias as fábricas benefíciense de infraestruturas colectivas e repártense o custo destas. Cerca dun gran mercado de consumo economizan en gastos de transporte, benefíciense da concentración de man de obra ou de incentivos fiscais.

Saldo migratorio.- Resultado de poñer en relación inmigración e emigración nun determinado territorio. O saldo migratorio é positivo cando o número de inmigrantes é superior ao de emigrantes, e negativo cando a emigración supera a inmigración.

Aluvián.- Depósito de materiais detríticos, transportado e depositado de xeito transitorio ou permanentemente por unha corrente de auga. Habitualmente, está composto por areas, gravas, arxilas ou limos, acumulándose nas canles das correntes, nas chairas inundables e nos deltas.

Landa.- Formación vexetal de matogueira, característica da rexión eurosiberiana e como consecuencia da degradación do bosque mixto atlántico. Está formada por matogueiras como a xesta, o toxo e o breixo, podendo acadar os 3 m de altura. É característica da España húmida, asentándose sobre solos pobres e pouco aptos para o cultivo.

Ría.- Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes.

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Localice as provincias numeradas do 1 ao 4 (Figura 2), indicando cales están en alta e cales están en baixa presión (1 punto).

Provincias:

- 1: Sta. Cruz de Tenerife: alta presión
- 2: Cidade Real: alta presión
- 3: Navarra: baixa presión
- 4: Teruel: baixa presión

b) Comente o documento (Figura 1) seguindo as seguintes cuestións:

- **Identifique o tipo de documento, as figuras isobáricas, frontes e a localización -a grandes trazos- destes (1 punto).** Estamos diante dun mapa meteorolóxico de superficie, no que se expresa a presión atmosférica en isóbaras e se localizan diferentes centros de presión, así como outras figuras isobáricas (frontes cálidas, frías e ocluídas). Distinguimos no mapa dous centros de altas presións, un sobre o continente africano e outro sobre o Océano Atlántico, ao Oeste das illas Azores -con 1024 mb de presión no seu centro-; e dous centros de baixas presións ubicados no Atlántico Norte, ao Noroeste de Irlanda -con 956 e 960 mb de presión no seu centro,

Criterios de Avaliación / Corrección

respectivamente-. Asociados aos centros de baixa presión temos unha cadea ou familia de frontes, con alternancia de frontes cálidas, frías e ocluídas. Sobre o Mediterráneo conséntase a presenza dunha fronte fría procedente do Oeste, que xa varreu a Península Ibérica, e que atrapou a fronte cálida para constituír unha ocluída sobre o continente europeo e as Illas Británicas -fronte ocluída asociada ao centro de baixas presións máis profundo, o de 956 mb no seu centro-. A punto de chegar á Península Ibérica, a continuación da fronte fría que vimos de citar, e procedente do Oeste, temos unha fronte cálida que está a punto de atravesar o litoral portugués; máis ao Oeste, sobre o Atlántico, outra fronte fría que xa se converte en ocluída no ollo da depresión de 960 mb, enlazada con outra fronte cálida procedente do Sur e outra fronte fría do Noroeste que se localizan no centro do Atlántico.

- **Masas de aire e ventos dominantes nas distintas áreas de España (1 punto).** Nesta situación conflúen dúas masas de aire de características contrastadas (a masa de aire polar marítimo, procedente da depresión de Islandia -habitualmente fría e húmida- e a masa de aire tropical marítimo -orixinada nos anticiclóns subtropicais -cálida e húmida-) e á penetración de aire frío procedente do Norte, coado mediante unha profunda valgada asociada aos centros de baixas presións. Producíranse ventos intensos do Oeste debido ao forte gradiente de presión.
- **Situación meteorolóxica e tipos de tempo que cabe esperar nas comunidades de Galicia e de Canarias, significando as diferenzas de temperatura, humidade e precipitación (1 punto).** Con este mapa de isóbaras, cabe esperar un tipo de tempo estable, con temperaturas suaves tendendo a cálidas, e ausencia de nubes, nas illas Canarias, sometidas á influencia do anticiclón das Azores. O grao de humidade, sendo relativamente elevado polo carácter insular das illas, será menor que en Galicia -debido á influencia estabilizadora das altas presións-. Por contra, Galicia, sometida a ventos do Oeste-Suroeste, con baixas presións e forte gradiente de presión debido á proximidade das isóbaras, terá un tempo inestable e húmido, con ceos cubertos e maiores precipitacións na costa occidental e nas superficies montañosas a barlovento. As temperaturas son suaves relacionadas coa fronte cálida que está a chegar.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema “Os usos do solo e a súa distribución: tipos e factores explicativos”.

- **Tipos: terras labradas, prados e pastos, áreas forestais, restantes usos do solo.**
- **Factores: condicións naturais (dominios atlántico, mediterráneo e subtropical e áreas montañosas e chairas) e estrutura da propiedade.**

Ata o século XIX, todos os países mantiñan un predominio do sector primario (o que inclúe as actividades agrarias e outras ligadas á extracción de recursos naturais, como a pesca e a explotación forestal), e boa parte da súa poboación activa dedicábase a obter alimentos e outros bens de primeira necesidade. Só entón, algúns países iniciaron un proceso de industrialización, que fixo que o sector secundario se convertese no máis importante dentro do seu territorio.

Nas últimas décadas, os países desenvolvidos mantiveron a redución progresiva do sector primario, e agora tamén do secundario fronte ao rápido crecemento do sector terciario ou de servizos. Na actualidade o sector primario só dá emprego ao 4,5% dos ocupados en España, e xera unha proporción algo inferior (4%) do PIB; moi por debaixo do secundario (29% dos ocupados) e, sobre todo, do terciario (66%).

De todos os xeitos, a produción final agraria é hoxe un 30% superior á de hai un cuarto de século grazas ao seu maior grao de tecnificación que permite aumentar a produtividade do traballo e, pese á perda de importancia dentro da economía española e a dos restantes países desenvolvidos, as actividades do sector primario aínda manteñen un gran valor estratéxico (autonomía alimentaria, achega de materias primas, manter poboación e emprego en áreas rurais, preservar o medio ambiente...). Por todos estes motivos, a Unión Europea mantén desde hai décadas unha Política Agraria Común (PAC), que busca a supervivencia desta actividade influíndo decisivamente sobre o sector agrario español.

Criterios de Avaliación / Corrección

Tipos de usos do solo

Os máis de cincuenta millóns de hectáreas do territorio español destínanse a diferentes usos, o que xera diversos tipos de paisaxes. A grandes trazos, identifícase catro grandes tipos de usos de solo:

- As terras labradas, ocupadas por diferentes cultivos, comprenden algo máis de 16 millóns de hectáreas (34% da superficie total). Esténdese, sobre todo, polas grandes cuncas e vales interiores, de relevo predominantemente chan ou ondulado (vales do Ebro, Douro, Texo, Guadiana, Guadalquivir), algunhas depresións interiores (Bierzo leonés, Baza e Guadix en Granada, Antequera en Málaga etc.) e o litoral mediterráneo. Son, en cambio, escasas tanto nas rexións do norte peninsular coma nas áreas de montaña e o arquipélago canario. Neste último, as condicións climáticas, topográficas ou a escasa fertilidade do solo dificultaron sempre a súa posta en cultivo, ou ben produciuse o seu abandono recente debido aos seus escasos rendementos ou á competencia doutros usos.
- Os prados e pastos ocupan uns 8 millóns de hectáreas (17% da superficie total). Están destinados á produción de herba para alimento do gando, e ocupan as áreas máis húmidas, topograficamente accidentadas ou con solos de pouca calidade para o cultivo. Pódense distinguir tres tipos de situacións:
 - As pradarías permanentes constitúen o uso máis característico do solo nas rexións de clima oceánico próximas ao litoral cantábrico, desde Galicia ao País Vasco, e están asociadas a unha importante ganaría bovina.
 - No oeste da Península Ibérica predominan os pastos estacionais, verdes nos períodos chuviosos, pero que secan no verán; isto permitiu manter unha ganaría máis diversificada (bovina, ovina e porcina) e de carácter extensivo.
 - Nos cumes das principais cordilleiras, onde desaparece o bosque polas baixas temperaturas e a pobreza dos solos, aparecen os pastos de altura, utilizados tradicionalmente por unha ganaría trashumante -principalmente ovina- que se traslada a eles no verán desde as terras máis baixas e cálidas.
- As áreas forestais, que se corresponden con bosques de especies caducifolias ou perennifolias, ocupan 15 millóns de hectáreas (32% da superficie total). A súa densidade é maior nas rexións máis húmidas, así como nas principais cadeas montañosas da Península e os arquipélagos, e son tamén as áreas menos transformadas pola acción humana. Permiten a explotación da madeira e doutros produtos complementarios (cortiza, froitos etc.), así como a súa utilización para a caza.
- Os restantes usos do solo suman outros 8,4 millóns de hectáreas (que constitúe o 17% da superficie total). Nesta sección inclúense desde os terreos ermos improdutivos ata as áreas urbanizadas, as ocupadas por infraestruturas (como son aeroportos, portos, estradas ou ferrocarrís) e os espazos hídricos de auga doce e non mariños (lagos, ríos e encoros).

Factores explicativos da distribución de usos do solo

A distribución dos usos do solo en España vén determinada por varios factores:

a) As condicións naturais: en España distínguense tres dominios:

- O dominio atlántico, de clima húmido, que conta coa presenza de prados e bosques. Esténdese polo norte e oeste peninsular, degradándose cara ao interior.
- O dominio mediterráneo, localizado no resto da Península e as illas Baleares. Caracterízase pola existencia dunha estación seca no verán, e mostra un predominio das terras labradas.
- O dominio subtropical, nas illas Canarias, que ten na aridez o principal factor limitante para os cultivos e o bosque, agás nas zonas que están expostas aos ventos alisios.

Outra división é a existente entre áreas montañosas e chairas. Nas primeiras, as condicións especiais de elevada altitude e pendente, solos pouco profundos e descenso térmico favorecen un uso do solo para

Criterios de Avaliación / Corrección

pastos e bosques. En cambio, nas chairas a ocupación humana foi historicamente máis intensa, polo que predominan as terras cultivadas. Exceptúanse as penechairas occidentais, onde os solos son de pouca calidade, o que explica o seu uso para pastos e non para cultivos.

b) A evolución histórica e a estrutura da propiedade. Na economía de subsistencia, cultivos, pastos e bosque complementábanse, poñéndose en uso a maior superficie de terra posible para asegurar a alimentación da poboación. O desenvolvemento da economía de mercado, desde hai máis dun século, conduciu ao abandono das terras de cultivo pouco rendibles e a súa substitución por pastos destinados a alimentar o cada vez máis demandado gando; tamén produciu a destrución de certos bosques compensada coa repoboación doutros, o que ocasionou cambios no mapa de usos do solo.

Nos territorios dominados pola gran propiedade, eran habituais os usos extensivos con poucos rendementos por hectárea, e con investimentos de traballo e capital escasos, que os fan rendibles; hoxe en día moitas convertéronse en empresas capitalistas de alto rendemento. A pequena propiedade asóciase a usos máis intensivos do solo para poder subsistir con pouca terra, pero con maiores rendementos; algunhas pequenas explotacións hortofrutícolas ou baixo plástico xeran grandes ingresos.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: acuicultura, desagrarización, cunca fluvial, litosfera, transición demográfica, tectónica de placas. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Acuicultura. Conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes ou plantas, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. É moi significativa en Galicia, e está restrinxida a un pequeno abano de especies, en función da súa importancia económica e do desenvolvemento dunha tecnoloxía axeitada e limitada espacialmente á beiramar ou as augas continentais.

Desagrarización. Concepto que fai referencia á perda de poboación adicada á actividade agraria, así como á perda de importancia económica da actividade agrícola nun territorio, e o conseguinte debilitamento das institucións sociais vencelladas a esta actividade que organizan diferentes aspectos da vida social.

Cunca fluvial ou hidrográfica é a porción de terreo que drena a un colector principal (río ou lago), limitada por unha liña de cumes ou *divisoria de augas* – liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que adoita coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos-

Litosfera é un conxunto máis ou menos ríxido, fragmentado en diversas placas, que forma a superficie sólida do planeta e descansa sobre unha capa plástica, a astenosfera. A litosfera está formada pola codia e unha parte do manto superior terrestre.

Transición demográfica é un modelo que describe os cambios demográficos acaecidos ao longo do tempo nos países desenvolvidos: transición dende unha situación de altas taxas de natalidade e mortalidade a outra caracterizada por un descenso delas, pasando pola fase intermedia, de descenso da mortalidade antes que a natalidade, permitindo un rápido crecemento demográfico.

Tectónica de placas. Teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan os continentes e os solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica

Criterios de Avaliación / Corrección

(formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e deslízanse.

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima 4 puntos):

- c) **Identifique as cinco provincias numeradas na figura 1 (1 punto).** 1. Burgos; 2. A Rioja; 3. Álava; 4. Guipúzcoa; e 5. Cantabria.
- d) **Comente os documentos atendendo ás seguintes cuestións:**
- **Analice os tipos de documentos de todas as figuras e sinale os elementos naturais e humanos que aparecen nas figuras 2 e 3 (1 punto).**

A Figura 1 representa un mapa de base provincial dunha zona do Norte de España onde aparecen diversas provincias das Comunidades Autónomas de Castela-León, A Rioja, País Vasco e Cantabria. Tamén aparece ao leste parte da Comunidade Foral de Navarra.

As Figuras 2 e 3 representan unha fotografía aérea dunha mesma zona con varios anos de diferenza, o que permite observar a súa transformación. A Figura 2 representa unha área urbana na que un elemento natural (ría) vertebra e divide un territorio con diferentes usos do solo. A marxe dereita (dende a visión da fotografía) ten un uso residencial con diferentes tipoloxías de edificios e a marxe esquerda ten un uso industrial relacionado co desenvolvemento dunha industria tradicional que creceu dentro da área urbana deixando a súa negativa pegada estética e ambiental. A Figura 3 representa a mesma área transformada ao eliminar este espazo industrial tradicional e obsoleto por un máis moderno e vangardista cunha elevada calidade sociocultural e ambiental.

Ademais dos elementos humanos (edificios, vías de comunicación como as pontes que cruzan a ría) podemos observar elementos naturais como a ría e os montes que rodean a cidade. Na fotografía predominan os elementos humanos, xa que os edificios, rúas e vías de comunicación presentan una ampla densidade, mentres que as zonas verdes ou de monte ocupan un espazo moi reducido.

- **Expoña as características que definen a paisaxe industrial da figura 2 (1 punto).**

A Figura 2 representa unha cidade rodeada dunha área industrial tradicional, degradada ambiental e paisaxisticamente. A ría que vertebra o espazo da fotografía tivo unha intensa especialización nunha actividade industrial (a siderúrxica), deixando á marxe calquera outro tipo de aproveitamento do espazo, o que levaría á poboación a vivir “de costas” á ría ao ser -polo tipo de industria alí asentada- un área hostil para o ser humano, exclusivamente xeradora de recursos e cunha escasa sostibilidade, o que limitaría a calidade de vida dos seus habitantes. Esta figura reflicte os factores de localización das industrias pesadas.

- **Comente a transformación desta paisaxe (figura 3) relacionándoa coa reestruturación industrial e os novos usos do solo producidos nas últimas décadas (1 punto).**

A Figura 3 amosa unha transformación importante desta área, especialmente da súa marxe esquerda (dende a visión da fotografía). A área industrial contaminante foi transformada, recuperando a ría como eixe vertebrador da cidade ao convertela no principal corredor natural neste espazo urbano aumentando a súa calidade ambiental. Trátase dun espazo terciarizado, peonil, comercial, de lecer e outros servizos.

Tamén podemos observar na fotografía a aposta por espazos humanizados, máis creativos e innovadores, produto dunha planificación e ordenación do territorio por parte dos poderes públicos. A construción de edificios emblemáticos realizados por arquitectos cunha importante proxección internacional contribuíu a mellorar a imaxe e o atractivo da cidade. Neste caso o edificio Guggenheim de Frank Gehry, coa súa singular xeometría, converteuse no símbolo máis recoñecido e emblemático da transformación da cidade e a súa aposta por unha cidade que reconcilie a cultura coa natureza e o ser humano co ecosistema do que forma parte.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema “Diversidade climática galega e a súa influencia nos ríos e na vexetación”. a) Diversidade climática. b) Os ríos de Galicia. c) A diversidade bioxeográfica.

a) Diversidade climática.

O clima de Galicia vese moi influído pola súa localización xeográfica. Así, a situación á beira do océano e a latitude na que se atopa marcan os caracteres climáticos. A orografía é outro factor definitorio do clima, que favorece a subdivisión interna nunha serie de variedades. A posición do país fai que existan uns contrastes estacionais moi marcados, alternando a influencia da corrente polar no inverno e das altas presións subtropicais (Anticiclón de Azores) no verán. Esta variedade de condicións atmosféricas explican a diversidade notoria de tipos de tempo que se dan en Galicia.

O clima da nosa comunidade presenta trazos comúns con todos os climas oceánicos de Europa Occidental, pero tamén características diferenciais. Os elementos comúns son as continuas chegadas de masas húmidas do Oeste que favorecen unhas intensas precipitacións e unhas características térmicas de suavidade. Malia estes caracteres comúns, Galicia individualízase pola seca estival acentuada e a maior duración do verán.

As variedades climáticas de Galicia están todas incluídas dentro do clima oceánico, malia que se deben diferenciar diversas áreas:

1.- O oceánico húmido, suave e de choivas regularmente distribuídas ao longo do ano, cingúese á franxa setentrional costeira, desde Fisterra ata a Mariña lucense, incluíndo a Costa da Morte e o Golfo Ártabro.

2.- O oceánico hiperhúmido, con precipitacións máis abundantes e redución da temperatura media, cingúese ao chanzo da « Terra de Ordes », Soneira, comarca de Santiago e vertentes occidentais da Dorsal Meridiana, onde o efecto *foehn* e a exposición a barlovento fai que se incrementen as precipitación por enriba dos 1.500 mm anuais.

3.- Nas Rías Baixas estamos diante dunha variedade climática con tendencia á aridez estival, con incremento das temperaturas medias e descenso das precipitacións no verán -en comparación coa cornixa setentrional-.

4.- As serras setentrionais, as da Dorsal Galega e o Xurés constitúen un ámbito de transición entre a Galicia occidental e oriental, marcado polo incremento medio das precipitacións e o descenso das temperaturas medias por mor da altitude, aínda que opoñen as abas de barlovento -máis chuviosas- ás de sotavento -máis secas-.

5.- O oceánico continental, con incremento dos días de xeadas, tendencia a una maior oscilación térmica e precipitacións máis reducidas en contraste coa costa, cingúese á meseta lucense e áreas do interior Norte.

6.- Cara ao sur, nas depresións do Sil, Ourense, Limia e Verín, a continentalización dá paso a un matiz mediterráneo que se manifesta claramente na aridez estival e na elevación notable das temperaturas medias nesa época do ano.

7.- O oceánico de montaña afecta ás serras orientais e sudorientais, cos efectos propios da montaña: incremento das precipitacións -de neve nos meses invernales- e baixada das temperaturas medias por mor da altitude.

Criterios de Avaliación / Corrección

b) Os ríos de Galicia.

A rede fluvial vén definida pola interrelación entre a disposición do relevo e a pluviosidade. As dúas favorecen a existencia de numerosísimos cursos fluviaes, a meirande parte deles de curto percorrido. Case a totalidade dos ríos galegos amosan un réxime de tipo pluvial oceánico, caracterizado pola abundancia e regularidade dos caudais, con enchentas invernaes e estiaxes moderadas no verán. Os ríos que desembocan na *vertente cantábrica* (Navia, Eo, Masma, Landro, Sor, Mera etc.) son os que teñen maior regularidade neste réxime. Pola contra, *os que desaugan nas Rías Baixas* presentan descensoes moi importantes no seu caudal durante o verán (Tambre, Ulla, Deza, Umia, Lérez, Verdugo etc.), mentres que *os ríos que desembocan no Golfo Ártabro e na área de Fisterra* manteñen uns caracteres intermedios (Grande de Xubia, Eume, Mandeo, Mero, Anllóns, Grande, Castro e Xallas).

O Miño e o seu principal afluente, o Sil, merecen unha mención á parte, xa que tanto por constituírse nunha longa arteria fluvial (cruza de N a S a maior parte da provincia de Lugo e boa parte das de Ourense e Pontevedra), como pola amplitude da súa cunca e a diversidade de áreas climáticas que atravesan, teñen unha variabilidade no seu comportamento hídrico que os individualizan respecto aos demais de Galicia.

c) A diversidade bioxeográfica.

As condicións térmicas e pluviométricas son óptimas para o desenvolvemento do manto vexetal. A maior parte de Galicia inclúese na rexión florística Eurosiberiana, na superprovincia Atlántica. Só o extremo suroriental da provincia de Lugo e boa parte da de Ourense pertencen á rexión florística mediterránea. Na primeira destas rexións a vexetación climática son bosques mixtos caducifolios, con dominio de carballos (*Quercus robur*), agás nos Ancares e no Courel, onde dominan os cerquiños (*Quercus pyrenaica*), acompañados de sobreiras na Galicia occidental (*Quercus suber*), e do carballo peقولado (*Quercus petrae*) no N e NL, que á súa vez se ven acompañados en xeral de abeleiras (*Corylus avellana*), ameneiros (*Alnus glutinosa*), olmos (*Ulmus glabra*), freixos (*Fraxinus excelsior* e *augustifolia*), arces (*Acer pseudoplatanus*), bidueiros (*Betula alba*) e faias (*Fagus sylvatica*).

Na rexión mediterránea as comunidades climáticas son tamén bosques, neste caso de cerquiños, agás na cunca do Sil, onde son substituídos por aciñeiras (*Quercus ilex subsp. Ballota*). Os bosques de cultivo tamén adquiriron notable importancia dende épocas remotas; é o caso dos soutos de castiñeiros (*Castanea sativa*), introducidos hai máis de dous mil anos. Os piñeirais son de implantación máis recente, especialmente o *Pinus pinaster* (piñeiro marítimo ou galego), chegado dende Portugal no século XVII. Máis recentemente introduciuse o eucalipto (*Eucalyptus globulus*), orixinario de Australia e que comezou a cultivarse a partir de mediados do século XIX, malia os problemas medioambientais que xera.

A paisaxe vexetal actual é resultado da acción antrópica, pois a vexetación climática de frondosas caducifolias está moi deteriorada e en franco retroceso, predominando na actualidade as especies arbóreas foráneas, o mesmo o mato de substitución do bosque orixinario, fundamentalmente os toxos (*Ullici europaei*), piornos (*Cytisus lusitanicus*) e breixos (*Ericetum cinerae*).

No mapa de distribución de cubertas vexetaes en Galicia destaca a forte penetración dos eucaliptais na Mariña lucense e costa norte coruñesa, ao tempo que incrementan a súa proporción en todo o litoral occidental, onde as masas de frondosas ceden tamén ante a presión das coníferas. A mestura de coníferas e frondosas está moi estendida polas provincias de poñente e no cadrante noroccidental de Ourense, mentres que a principal cantidade de frondosas e carballeiras se refuxia na provincia de Lugo - principalmente- e, en menor medida, nas montañas ourensás.

De todos os xeitos, o espazo non arborado ocupa unha proporción moi notable nas altas serras orientais e, sobre todo, sudorientais, en depresións como a Limia e nos altos cumes da Dorsal Galega e outras serras máis occidentais.

Criterios de Avaliación / Corrección

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: área metropolitana, esperanza de vida, ría, isohieta, barlovento, enerxías renovables. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Área metropolitana.- Rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome a área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades-dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

Esperanza de vida.- Cálculo do número de anos que un individuo pode esperar vivir ben no momento de nacer ou cando acada unha determinada idade, sempre que os niveis de mortalidade permanezan constantes. Obtense a partir das táboas de mortalidade. A esperanza de vida é maior nas mulleres que nos homes, situándose en 2011 en 84,8 anos para as mulleres e 78,8 para os homes (en España).

Ría.- Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes. Son moi importantes nas costas galegas.

Isohieta.- Isoliña imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas. Utilízase sobre todo nos mapas climáticos.

Barlovento.- Aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario, queda exposta ao fluxo descendente.

Enerxías renovables.- Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.

2.- Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Na figura 1, localice e nomee as cinco provincias limítrofes con Portugal nas que apareza a sobreira (1 punto). De Norte a Sur: Zamora, Salamanca, Cáceres, Badajoz e Huelva.

b) Comente os documentos atendendo ás seguintes cuestións:

Identifique as figuras 1 e 2 e especifique as características das rexións bioxeográficas ás que pertencen (1 punto). Son dous mapas de España coa división provincial e corocromáticos que representan a extensión superficial de dúas especies vexetais, sobreira e faia. Os dous mapas teñen a escala sinalada (numérica no da esquerda e gráfica no da dereita) e a fonte (Atlas Nacional de España). Trátase de dous mapas temáticos cualitativos (definen cualidades non relacionadas con cantidades) que é o tipo de mapa máis utilizado en xeografía física. A escala de medida é nominal.

Aparece no mapa a superficie de faias e sobreiras en dúas rexións: a faia esténdese pola rexión eurosiberiana (tamén atlántica) no bosque temperado oceánico caducifolio, e tamén na cordilleira pirenaica ata unha altura de máis de mil metros (a rexión boreoalpina comezaría a partir dos 1.200-1.300 m); a sobreira sitúase na rexión mediterránea caracterizada polo bosque perennifolio e a matogueira.

Determine os factores que condicionan a existencia desta vexetación en cada caso (1 punto). Hai tres factores básicos que son as precipitacións, os solos e a altitude, coa súa influencia sobre a temperatura.

Criterios de Avaliación / Corrección

A sobreira (*Quercus suber*) esténdese pola rexión mediterránea, caracterizada desde o punto de vista climático por una estación seca e calorosa (prefire áreas con temperaturas medias superiores aos 18 graos C e climas que superen os 40 graos C de máxima); precisa máis de 500 mm de precipitacións ao ano (o ideal da sobreira está entre 600 e 1.000 mm anuais, inda que se adapta a climas con máis de 400 mm de precipitación anual; de aí a súa extensión en Estremadura e no occidente da Península). Tampouco tolera invernos fríos e prefire solos silíceos como os existentes no Oeste da Península. Sobreira e aciñeira forman o bosque típico mediterráneo, o bosque esclerófilo.

A faia (*Fagus sylvatica*) pertence á rexión eurosiberiana de bosque caducifolio. Forma un bosque pechado con escaso sotobosque. Tolerá mal a calor e ben o frío, polo que medra mellor na cordilleira Cantábrica nas abas orientadas cara ao Norte; adáptase ben a áreas de elevada pendente e altitude entre 300 e 1.700 m. Na rexión atlántica, a faia combínase en bosques mixtos con carballos e coníferas. Necesita grande humidade, de aí a súa extensión no mapa pola cordilleira Cantábrica e os Pireneos. Prefire os solos calcarios pero adáptase aos silíceos. Este factor é tamén visible no mapa.

Relacione a vexetación con aspectos ambientais e económicos (1 punto). A vexetación clímax constituída por especies autóctonas como a faia e a sobreira de copas anchas e troncos leñosos (que poderían durar séculos e acadar alturas notables, de ata 20 m) está en retroceso por mor da acción antrópica; reduciuse á superficie a causa da sobreexplotación agrícola (roturación, sobrepastoreo...) e da substitución por outras especies de maior rendibilidade económica e máis rápido crecemento. Estes bosques foron moi transformados pola actividade humana agraria no pasado, e urbana e industrial na actualidade.

A degradación do sobreiral dá lugar á formación de matogueiras como *maquias* e estepas. O faial consérvase en moitos lugares case como bosque relicto, que precisa protección ambiental para a súa conservación (ex.: bosque de Muniellos, en Asturias).

Tradicionalmente, as dúas especies tiveron un importante aproveitamento económico. A madeira dura e densa da sobreira foi utilizada para a fabricación de toneis e barcos. Os froitos da sobreira son moi apreciados pola súa landra para a alimentación do gando. Pero a cortiza é o principal aproveitamento da árbore. Esta cortiza tiña como función protexer a árbore dos incendios e pódese extraer cada nove anos. Utilízase para a fabricación de tapóns, colmeas, parquets, illantes, calzado etc. En Estremadura, a preparación da cortiza é una das principais actividades industriais. A madeira da faia é tamén moi apreciada na carpintería interior, mobiliario e ebanistería. Con ela fábrícanse portas, tarimas, frisos, molduras, chapas decorativas e taboleiros contrachapados industriais.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Sector servizos e o proceso de terciarización da economía en España e Galicia”. a) Características do sector terciario. b) Causas da terciarización. c) Contrastes na localización dos servizos.

O sector servizos abrangue todas aquelas actividades que non se poden considerar agrarios, pesqueiros ou industriais. En España este sector ocupa o meirande número de traballadores. Por iso se considera que vivimos nunha sociedade terciaria. Nos países desenvolvidos máis da metade da poboación activa traballa no sector terciario ou servizos, que medrou en importancia tanto polo número de persoas que ocupa como pola riqueza que xera. A distribución dos servizos no territorio amosa grandes desigualdades e desequilibrios, dado que tenden a se concentrar nas zonas con maiores niveles de renda.

a) Características do sector terciario.

O sector terciario ou servizos abrangue o conxunto de prestacións orientadas a satisfacer as necesidades e demandas da sociedade. É un sector moi heteroxéneo formado por actividades moi diversas. As características principais que definen o sector terciario son:

- Actividades intanxibles e inmateriais. O que se ofrece e se valora é a calidade da prestación que se realiza, por exemplo, un servizo médico ou unha asesoría.

Criterios de Avaliación / Corrección

- Actividades imposibles de almacenar. Os servizos préstanse cando son necesarios ou requiridos, polo que se adoitan localizar preto dos posibles usuarios.

- Actividades moi diversas. Desde administracións públicas, servizos financeiros, comerciais, culturais e de lecer, sanitarios e educativos, dirección, administración e asesoría de empresas, servizos de limpeza e mantemento, asistencia social, comunicacións etc.

- Actualmente, téndese a diferenciar o terciario clásico do terciario superior ou cuaternario, sector que reúne as actividades máis cualificadas: investigación, telecomunicacións, alta tecnoloxía...

- É un sector que abrangue dende grandes empresas con milleiros de traballadores a pequenos empresarios.

b) Causas da terciarización.

Desde hai tres décadas, pódese dicir que España ten unha economía de servizos, porque máis de dous terzos de todos os empregos e a produción que se xera no país proceden deste sector. A tendencia é que esta proporción continúe aumentando nos próximos anos, tal e como ocorre en todos os países do noso medio. Por iso se adoita afirmar que en España vivimos un proceso de terciarización da economía.

O rápido crecemento que experimentaron as actividades de servizos é o resultado das profundas transformacións que viviu a sociedade española, que hoxe presenta as seguintes características:

- É unha sociedade de consumo, en que o aumento do nivel de renda elevou a capacidade de compra e, con isto, o desenvolvemento do comercio e toda unha serie de servizos destinados á poboación.

- É unha sociedade do benestar, en que aumentou a oferta de todo tipo de servizos sociais (educativos, sanitarios, culturais, deportivos...), ofrecidos por institucións públicas e privadas.

- É unha sociedade de ocio, en que aumenta a importancia do turismo e de diversos servizos relacionados co gozo do tempo libre (hostalaría, restauración, espectáculos etc.).

- É unha sociedade capitalista avanzada, en que o sector financeiro e de seguros ocupa un lugar destacado no control do diñeiro e o crédito, básicos para o funcionamento das empresas e o propio consumo familiar.

- É unha sociedade do coñecemento, en que cobran protagonismo unha serie de servizos avanzados que melloran a calidade e competitividade das empresas (enxeñaría, deseño, servizos informáticos, asesoría técnica...), xunto a centros de investigación e centros tecnolóxicos para promover a I+D.

- É unha sociedade rede, en que tanto as persoas coma os produtos ou a información teñen cada vez maior mobilidade, xerando densas redes de fluxos ás que os territorios queren estar conectados, o que aumenta a demanda de todo tipo de transportes e telecomunicacións.

- É unha sociedade regulada, porque a súa complexidade esixe unha administración pública eficaz que xestione o seu funcionamento.

Todo isto supón unha gran diversidade de servizos, desde os máis especializados e modernos ata os máis tradicionais e precarios.

c) Contrastes na localización dos servizos.

A localización do emprego en actividades de servizos mostra importantes diferenzas se se considera o volume total de persoas ocupadas nas diferentes provincias. As de Madrid, Barcelona e

Criterios de Avaliación / Corrección

Valencia concentran case cinco millóns de empregos, equivalentes a máis dunha terceira parte do total, seguidas por outras provincias litorais, xunto a Sevilla e Zaragoza.

Se se considera en cambio a proporción do emprego terciario sobre o total, as diferenzas diminúen, cos valores máis altos en Madrid, o litoral mediterráneo (agás Cataluña) e ambos os arquipélagos.

Esa distribución relaciónase coa influencia de diversos factores:

- Ante todo, relaciónase coa repartición da poboación e o seu nivel de renda, pois a maioría destas actividades buscan estar cerca dos seus clientes potenciais e, polo tanto, aumentan en territorios con altas densidades e elevado nivel de ingresos.

- Tamén inflúe a presenza de poboación estacional relacionada co desenvolvemento do turismo, sobre todo, nas áreas litorais, pois iso engade un volume importante de consumidores dalgúns tipos de servizos.

- Un terceiro factor é a densidade de empresas no territorio, pois son as principais demandantes dalgúns servizos (desde o transporte e as telecomunicacións, aos servizos informáticos, xurídicos, de mantemento e reparación, de deseño e enxeñaría etc.).

- Por último, as administracións central, autonómica e local distribúense por todo o territorio, pero a presenza de funcionarios e contratados nelas é maior naqueles provincias e cidades onde se localiza a capitalidade nacional ou autonómica.

En resumo, os servizos teñen hoxe unha grande importancia e dinamismo, ata converterse na principal fonte de emprego actual e para o futuro. Por esa razón, e porque as diferentes actividades tamén mostran diversas tendencias de localización, xeran paisaxes específicas e, en ocasións, son fonte de impactos negativos; a Xeografía interésase cada vez máis por este sector que conta con máis de catorce millóns de empregos e dous terzos do valor da produción total obtida en España, así como a maior perspectiva de crecemento.

O sector servizos en Galicia.

Máis do 60% do PIB de Galicia corresponde ao sector servizos, que experimentou un gran crecemento e diversificación nas últimas décadas. O turismo, o comercio, os transportes e mais os servizos sociais son exemplos desta transformación.

O sector terciario de Galicia adquiriu unha importancia decisiva na creación de postos de traballo, xa que en 2008 os servizos ocupaban o 63% do emprego galego. A distribución xeográfica está pouco equilibrada; os servizos concéntranse nas capitais provinciais e nos grandes núcleos urbanos, principalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra. Distínguense dous subsectores:

- Os servizos non destinados á venda son os servizos sociais financiados polos organismos oficiais, como a educación, a saúde e a administración pública. Así, en 2006 o 56% do gasto público que realizou a Xunta estivo destinado a sanidade e educación.

- Os servizos destinados á venda abranguen o comercio, o turismo, os transportes, os servizos ás empresas, que diversificaron a súa oferta en actividades como asesoramento xurídico, servizos informáticos e administrativos, recursos humanos ou publicidade e os servizos financeiros, que potencian o crecemento da economía a través da concesión de créditos a particulares e empresas, e o investimento en proxectos empresariais.

En canto ó turismo, Galicia dispón de máis de 54.000 prazas hoteleiras e de numerosos servizos e equipamentos complementarios. Os turistas que visitan Galicia proceden na súa maioría do territorio español (80,4%) e en menor medida do estranxeiro (19,6%), sobre todo de países da UE, como Portugal,

Criterios de Avaliación / Corrección

Reino Unido, Alemaña, Francia e Italia. A nosa Comunidade ofrece diversos tipos de turismo: turismo de sol e praia, turismo cultural, turismo rural e turismo termal. Porén, no ano 2008 Galicia recibiu uns 200.000 visitantes menos có ano anterior, por mor da recesión económica. Ademais, a imposibilidade de competir no mercado internacional cos destinos masivos de praia determinou a orientación da política turística cara a outros campos, como o gastronómico, cultural, congresos ou o deportivo, co fin de atraer un turismo de maior calidade e asegurar a ocupación hoteleira durante todo o ano.

Respecto ao comercio, Galicia incrementou nas últimas décadas o comercio interior como consecuencia do crecemento demográfico e económico. Na actualidade representa un 10% do PIB e emprega un 17% da poboación ocupada. Caracterízase pola coexistencia de numerosos pequenos establecementos xunto a grandes empresas comerciais nacionais e multinacionais. Actualmente, o pequeno comercio está vivindo unha crise que se manifesta na redución de establecementos tradicionais e na perda de emprego.

Os intercambios co exterior son cada vez máis importantes debido á apertura progresiva da economía galega. A balanza comercial nos últimos anos foi positiva xa que as exportacións superaron as importacións. Así, durante o ano 2008, Galicia vendeu ao estranxeiro produtos por valor de 15.614 millóns de euros e importou o equivalente a 15.463 millóns. As exportacións céntranse na venda de material de transporte, confección e peixe, crustáceos e moluscos. As importacións que destacan polo seu volume son os produtos enerxéticos e o material de transporte, que concentran o 40,5% do total. O desafío máis importante do comercio exterior galego é manter o superávit da balanza comercial alcanzado en 2007 e 2008, tras décadas de déficit comercial.

Finalmente, nos transportes hai que salientar que a situación periférica e o relevo accidentado de Galicia son factores que explican que as infraestruturas de transporte e comunicación co resto do Estado fosen tradicionalmente moi deficientes. Así e todo, nas últimas décadas, os investimentos públicos destináronse a modernizar e ampliar a rede de estradas, os ferrocarrís, os portos e os aeroportos.